



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE PROXECTOS ARQUITECTÓNICOS, URBANISMO E COMPOSICIÓN

Aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2018

PREÁMBULO

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004 de 13 de maio (D.O.G. de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (D.O.G. de 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e organización do Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición fica enmarcado na normativa aplicable á Universidade da Coruña e rexerase polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de réxime interno.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente regulamento é de aplicación ao Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición (DPAUC) da Universidade da Coruña, e establece e regula o seu funcionamento e organización.

Artigo 2. Natureza do Departamento

O DPAUC é unha unidade de docencia e investigación encargada de coordinar o ensino encomendado ás áreas de coñecemento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanística e Ordenación do Territorio, e Composición Arquitectónica nos centros nos que impartan docencia, de acordo coa programación da Universidade e de ditos centros. Asemade, lle compete apoiar as actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

Artigo 3. Funcións.

Son funcións do DPAUC:

1. Organizar e desenvolver, nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, as ensinanzas propias das áreas de coñecemento da súa competencia.
2. Apoiar as actividades e iniciativas investigadoras do persoal adscrito ás áreas de coñecemento da súa competencia.

3. Fomentar a investigación, a divulgación e o debate ao redor do coñecemento e a práctica da arquitectura e o urbanismo, entendidas como actividades tanto profesionais como intelectuais, xeradoras de cultura e de patrimonio e responsables de definir o hábitat humano.
4. Contratar con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
5. Participar na elaboración de planos de estudo, no procedemento de selección do persoal docente e investigador e nos procesos de avaliación da calidade institucional.
6. Calquera outra que lles asignen as disposicións legais vixentes e os Estatuto da UDC.

TÍTULO PRIMEIRO: CONSTITUCIÓN E ADSCRICIÓN

Artigo 4. Constitución

O DPAUC está constituído polas áreas de coñecemento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanística e Ordenación do Territorio, e Composición Arquitectónica, e agrupa o persoal docente e investigador (PDI) correspondente a ditas áreas, así coma o persoal de investigación, persoal con bolsas de investigación, estudiantado e o persoal de administración e servizos que estean adscritos ao DPAUC.

Artigo 5. Adscripción

1. O DPAUC está adscrito á Escola Técnica Superior de Arquitectura, consonte a estrutura da súa docencia, e ten asignada a Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI) sita neste Centro.
2. A adscripción do Persoal Docente e Investigador (PDI) aos departamentos farase de acordo coa convocatoria da praza correspondente. Calquera mudanza de adscripción deberá ser acordada polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos Departamentos afectados.

TÍTULO SEGUNDO: DA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO 1. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Artigo 6. Composición

1. O Consello de Departamento, órgano colexiado de goberno do DPAUC, estará integrado polas seguintes persoas:
 - a) Quen ocupe a Dirección, que o presidirá e o convocará e quen ocupe a Secretaría.

b) Todas as persoas doutoras vinculadas por relación funcional, laboral ou bolsreira á UDC, e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor e a tempo completo integrados no DPAUC.

c) Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no DPAUC, que suporá o 5 %.

d) Unha representación do estudantado do ámbito da docencia do DPAUC que suporá un 28 %, dos que, de ser o caso, o 40 % corresponderá aos estudantes de doutoramento.

e) Un representante do persoal de administración e servizos adscrito ao DPAUC.

2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de Departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento Electoral da UDC.

Artigo 7. Competencias

É competencia do Consello de Departamento:

a) Elixir a Dirección do DPAUC e, de ser o caso, revogala.

b) Programar as actividades docentes e investigadoras do DPAUC, elaborar o seu Plan de Organización Docente (POD) e propoñer os programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento da UDC.

c) Formular as demandas do persoal docente e investigador.

d) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro dos seus ámbitos de competencia.

e) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.

f) Propoñer nomeamentos de Doutores/*as honoris causa*.

g) Aprobar a distribución do orzamento anual do DPAUC e a súa execución.

h) Elaborar o Regulamento de Réxime Interno do DPAUC.

i) Informar as solicitudes de realización de publicacións, congresos e xornadas científicas.

j) Propor á Xunta de Escola a representación do DPAUC nas diferentes comisións.

k) Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e os Estatutos.

Artigo 8. Da Comisión Permanente

1. O Consello de Departamento creará unha Comisión Permanente na que delegará o exercicio das súas competencias, especialmente as relativas á resolución de asuntos de trámite e/ou urxentes, agás as que non poidan ser obxecto de delegación.

2. A Comisión Permanente estará integrada polos seguintes membros:
 - a) Quen ostente a Dirección do DPAUC, que presidirá a Comisión.
 - b) Quen ostente a Secretaría do DPAUC, que realizará as funcións de Secretario/a nela.
 - c) Os que coordinen as Seccións Departamentais do DPAUC.
 - d) Dous representantes do estudantado, membros do Consello de Departamento.
 - e) Un representante do persoal de administración e servizos (PAS) adscrito ao DPAUC.
3. Os acordos adoptados en Comisión Permanente deberán ser públicos e inmediatamente executivos. En calquera caso, a Comisión Permanente dará conta dos seus acordos ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que este celebre. O borrador da acta de cada sesión será posto a disposición dos membros do Consello de Departamento nun prazo máximo de sete días hábiles.

Artigo 9. Das Comisións de estudo e asesoramento

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composición.

Artigo 10. Da Coordinación de Centro, Investigación, Materias e Igualdade.

1. En cada un dos centros adicionais ao de adscrición nos que imparta docencia o PDI adscrito ao DPAUC, poderá nomearse, polo Consello de Departamento a proposta da Dirección, un/unha **Coordinador/a de Centro**, que exercerá a coordinación da actividade docente, segundo as directrices do Consello de Departamento e dos seus órganos colexiados, informarán a Dirección das incidencias que puideren xurdir e actuarán como enlaces entre o DPAUC e o Centro en cuestión.
2. O Consello de Departamento, a proposta da Dirección ou de 1/5 dos seus membros, poderá nomear, de entre o PDI doutor e con dedicación a tempo completo, un/unha **Coordinador/a de Investigación**, que exercerá a coordinación e supervisión das actividades departamentais correspondentes a Investigación e Terceiro Ciclo, baixo as directrices do Consello de Departamento e dos seus órganos colexiados.
3. Nas materias, disciplinas, obradoiros ou unidades docentes en que concorran dous ou máis PDI existirá un/unha **Coordinador/a de Materia** que velará polo cumprimento dos contidos do programa especificados nas Guías Docentes, establecerán, xunto co restante profesorado encargado, os criterios de programación e seguimento da docencia, titoría e avaliación do alumnado e mediarán en calquera conflito interno sobrevido por discrepancias entre o profesorado ou por desavinzas con alumnado no ámbito da materia. Serán nomeados polo Consello de Departamento entre o profesorado que obtivese unha praza de titular funcionario nun concurso público en que presentase un proxecto docente para a dita materia ou, de non resultar o caso, por proposta do resto de profesorado da materia.
4. O Consello de Departamento poderá nomear, a proposta da Dirección, un/unha **Coordinador/a de Igualdade**, coa encomenda de velar pola corrección, estilo e idoneidade das

actividades, contidos, comunicacións e produción científica e intelectual que emane do Departamento. Esta coordinación prestará atención a todos os aspectos relacionados coa cooperación, voluntariado, acción social e igualdade de xénero dentro do DPAUC, promovendo as boas prácticas segundo as directrices do Consello de Departamento, dos seus órganos colexiados, e das Oficinas de Cooperación e Voluntariado e Igualdade de Xénero da UDC.

5. Os/as Coordinadores/as poderán cesar no seu cargo por petición propia ou por acordo do Consello de Departamento.

6. En caso de ausencia, baixa transitoria, ou en calquera outra situación imprevista dalgún dos Coordinadores, a Dirección poderá encargar, accidentalmente, o exercicio das ditas funcións a calquera outro PDI do DPAUC cun perfil docente e investigador equiparable ao do substituído.

CAPÍTULO 2. DA DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO

Artigo 11. Elección

1. A Dirección do DPAUC é o órgano unipersoal que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar ao Departamento.

2. Poderá ser candidato á Dirección do DPAUC o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento na forma prevista no Regulamento electoral da Universidade. A persoa elixida será nomeada polo Reitor.

3. De non se poder efectuar o nomeamento do/a Director/a do DPAUC por falta de candidaturas que reúnan os requirimentos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento o/a Reitor/a encargarlle provisionalmente as funcións de dirección ao PDI dos adscritos ao DPAUC de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade dentro da UDC.

4. A duración do mandato será de catro anos, e só se poderán presentar a unha reelección consecutiva.

5. Quen dirixa o DPAUC cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.

6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de Dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao DPAUC de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade dentro da UDC.

Artigo 12. Funcións

Correspóndelle á Dirección do DPAUC:

- a) Exercer a representación do DPAUC.
- b) Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos.

- c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do DPAUC.
- d) Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do DPAUC.
- e) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos Estatutos.
- f) Executar as previsións orzamentarias.
- g) Propor ó/a Reitor/a o nomeamento, entre o profesorado adscrito ao DPAUC, da persoa que vaia desempeñar a Secretaría.
- h) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

CAPÍTULO 3. DA SECRETARÍA DO DEPARTAMENTO

Artigo 13. Nomeamento

1. A persoa que vaia desempeñar a Secretaría será nomeada polo Reitor/a, por proposta da dirección do DPAUC, de entre o profesorado e axudantes do DPAUC con dedicación a tempo completo.
2. Quen ocupe a Secretaría do DPAUC cesará por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a Reitor/a, a proposta da Dirección do DPAUC.

Artigo 14. Funcións

1. A Secretaría do DPAUC ten como función redactar as actas das sesións, custodiar a documentación e expedir certificacións, así como calquera outra función que lle fose delegada pola Dirección do DPAUC ou encomendada polas disposicións vixentes e os Estatutos da UDC.
2. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído/a polo membro do Consello que decida a Dirección do DPAUC, que reúna na súa persoa a condición de profesor ou axudante.

CAPÍTULO 4. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

Artigo 15. Natureza e Organización

1. Creadas por acordo do Consello de Goberno da UDC, as Seccións Departamentais do DPAUC rexeranse polo acordo de creación, polas normas xerais da UDC que lles afecten, e polas propias normas fixadas neste Regulamento.
2. O Departamento organizarase en tres Seccións Departamentais: Proxectos Arquitectónicos, Urbanística e Ordenación do Territorio, e Composición Arquitectónica, coincidentes coas Áreas de Coñecemento adscritas ao Departamento.

3. De entre o PDI adscrito a cada Sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que exercerá, como Coordinador, a representación e coordinación da Sección Departamental.

Artigo 16. Competencias

1. As Seccións Departamentais carecen de funcións executivas, sendo a súa función consultiva e, no seu caso, propositiva no relativo aos asuntos que lles atinxen directamente.

2. Alén das que lle delegue o Consello de Departamento, cada sección exercerá, polo menos, as competencias seguintes:

a) Propor ao Consello de Departamento as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á Sección Departamental, de acordo co disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos. A proposta de convocatoria inclúe, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.

b) Propor anualmente ao Consello de Departamento o Plan de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á Sección Departamental.

c) Propor ao Consello de Departamento, coa frecuencia que determine a necesidade interna, o Plan de Recursos Docentes (PRD) no que se establezan as necesidades de PDI cara a óptima organización da Sección Departamental e a súa estrutura orgánica e funcional, desagregada por categorías universitarias.

3. O/a Coordinador/a será membro nato da Comisión Permanente do DPAUC, podendo delegar a representación noutro profesor. Alén das que lle delegue o Consello de Departamento, será a súa función a de elaborar anualmente o POD da correspondente Sección Departamental, tras ser debatido polos seus membros.

TÍTULO TERCEIRO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 17. Funcionamento

1. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, unha vez cada cuatrimestre lectivo ao ano, e sempre que a Dirección o convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos seus membros, en cuxo caso a sesión se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.

2. A orde do día das sesións será fixada pola Dirección do DPAUC tendo en conta as solicitudes realizadas polos demais membros.

3. A convocatoria será efectuada pola Secretaría do DPAUC, por orde da Dirección ou de quen legalmente a substitúa. As convocatorias serán cursadas pola Secretaría, cunha antelación mínima de dous días hábiles a través de medios electrónicos, e debe incluír a data, hora, lugar de realización da sesión, o sistema de conexión para a asistencia a distancia (de ser o caso), así como a orde do día.

4. A documentación relativa aos asuntos a tratar na orde do día atoparase no repositorio administrativo da UDC a disposición de todos os membros do Consello de Departamento polo menos con dous días hábiles de antelación á reunión do Consello.
5. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo da Dirección, poderanse convocar ás sesións do Consello de Departamento ou, se for o caso, ás dalgunha comisión ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
6. As sesións extraordinarias do Consello de Departamento están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só un día hábil de antelación, e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.

Artigo 18. Convocatorias e sesións

1. O Consello de Departamento poderase constituír e realizar as súas sesións tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se produzan as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento, requirirase a asistencia – presencial ou a distancia – en primeira convocatoria de, polo menos, a metade dos seus membros e, en segunda, dun quinto deles, sempre que asistan os que ocuparen a Dirección e a Secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan.
3. En todo caso, a aplicación das previsións relativas á asistencia a distancia e á gravación das sesións dos órganos colexiados do DPAUC será acordada polo Consello de Departamento, atendendo á dispoñibilidade dos medios técnicos adecuados.

Artigo 19. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da UDC é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante a Secretaría do Departamento.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 17.5

Artigo 20. Votación e adopción de acordos

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do Consello de Departamento e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Tampouco se poderán

adoptar acordos nos puntos da orde do día correspondentes a «informes» ou «suxestións e preguntas».

2. Os acordos serán adoptados por maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Dirección.

3. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, se poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo máximo de dous días hábiles dende o de remate da sesión.

4. As votacións poderán realizarse por asentimento por proposta da Dirección do DPAUC, a man alzada, pública por chamamento ou secreta. A Dirección do DPAUC decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser empregada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello de Departamento non suscitaren oposición de ningún membro deste e non requirise outra forma de votación ningún membro.

5. Para os asuntos específicos dunha área de coñecemento terase en conta a proposición da área correspondente, sempre que non lesione os intereses lexítimos doutra/s área/s.

6. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse, e ninguén poderá entrar ou saír da sala de votacións ata a súa conclusión.

Artigo 21. Actas

1. A Secretaría redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias xustificadas, a orde do día, o lugar e tempo da reunión, referencia sucinta das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

2. Os acordos adoptados son públicos e serán comunicados a maior brevidade a tódolos membros do Consello do Departamento, así como ao interesados. O borrador da acta levantada pola Secretaría, co visto e prace da Dirección, da fe dos acordos adoptados e permite a súa inmediata execución.

3. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola Secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello de Departamento. En calquera caso, atenderase ao disposto no artigo 18.3.

4. A acta de cada sesión aprobarase na mesma ou na seguinte reunión do Consello de Departamento. Con tal fin, a persoa que ocupe a Secretaría elaborará a acta, co visto e prace da Dirección, e a remitirá a través de medios electrónicos aos membros do Consello de Departamento, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos

ao texto, para os efectos da súa aprobación. O borrador da acta de cada sesión será posto a disposición dos membros do Consello de Departamento nun prazo máximo de sete días hábiles.

Artigo 22. Aplicación analóxica

O establecido nos artigos anteriores respecto do Consello de Departamento aplicarase analoxicamente ao resto dos seus órganos colexiados.

TÍTULO CUARTO: DA ACTIVIDADE E XESTIÓN DO DEPARTAMENTO

CAPÍTULO 1. DA ACTIVIDADE DOCENTE

Artigo 23. Principios xerais

1. O DPAUC promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudiantado e á preparación para o exercicio de actividades profesionais.
2. A docencia é un dereito e un deber do persoal docente e investigador do DPAUC, e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da UDC.
3. O DPAUC é o responsable da docencia de acordo cos planos de estudos das distintas titulacións en que imparta o seu ensino, e o plano de ordenación docente aprobado polo Consello de Goberno da UDC.
4. O DPAUC está obrigado a garantir o ensino adscrito ás áreas de coñecemento que o integran. En caso necesario, o Consello de Departamento arbitrará as medidas oportunas que garantan a docencia ante situacións de urxencia.
5. O DPAUC promoverá e apoiará a formación continua do seu persoal docente e investigador.

Artigo 24. Organización docente

1. O Consello de Departamento, con carácter anual e antelación suficiente respecto ao comezo do seguinte curso académico, deberá polo menos:
 - a) Revisar os programas das materias ao seu cargo, evitando baleiros ou duplicidades.
 - b) Revisar e aprobar as guías docentes das materias ao seu cargo.
 - c) Determinar as actividades esixidas polos planos de estudo.
 - d) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado.
 - e) Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno da UDC.
2. As obrigas docentes do profesorado computarán anualmente.

3. O Consello de Departamento planificará as actividades docentes do profesorado visitante, honorario e emérito, que poderán estar dirixidas principalmente á docencia en seminarios, cursos monográficos ou de especialización.

CAPÍTULO 2. DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

Artigo 25. Principios xerais

1. O DPAUC asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, como fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento. E para tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da investigación así como a formación do persoal investigador, en colaboración cos grupos e unidades de investigación, e como apoio e/ou complemento ao seu labor.

2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Recoñécese e garántese, no ámbito do DPAUC, a liberdade de investigación individual e colectiva.

3. O DPAUC garantirá que todos os fondos bibliográficos e infraestruturas para a investigación estean a disposición de todo o seu profesorado ou persoal investigador.

4. O DPAUC apoiará programas de investigación onde se recollerán as liñas de investigación, os proxectos e mais os recursos de persoal e material necesarios.

5. O DPAUC establece como prioridade o recoñecemento como actividade investigadora da práctica profesional nos campos da arquitectura e o urbanismo, baixo parámetros contrastables de calidade. Para ese efecto procurarase, na medida do posible, contar sempre cunha representación suficiente de profesorado que compatibilice a súa actividade docente coa práctica profesional.

CAPÍTULO 3. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 26. Recursos económicos

1. Para a realización das actividades docentes e investigadoras, o Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición dispón:

- a) Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a UDC lle destine.
- b) Dos recursos que nos orzamentos da UDC se lle asignen.
- c) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.

2. Corresponde ao órganos de goberno do DPAUC velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a este. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos a el, e será supervisada pola Dirección do DPAUC.

Artigo 27. Competencias en materia económica

O Consello de Departamento adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do DPAUC que serán destinados ao funcionamento deste, e á atención das tarefas docentes e investigadoras das áreas de coñecemento que o integran.

CAPÍTULO 4. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 28. Iniciativa de reforma do Regulamento

Poderán propor a reforma do presente regulamento a Dirección, a Comisión Permanente ou un quinto dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido á Dirección do DPAUC.

Artigo 29. Tramitación de reforma do regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado pola dirección ao membros do Consello de Departamento, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión extraordinaria do Consello de Departamento para aprobar ou rexeitar a reforma proposta previa deliberación. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

Artigo 30. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento.

Para a modificación do Regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello de Departamento e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da UDC.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA. Entrada en vigor.

Aprobado inicialmente polo Pleno do Consello de Departamento e definitivamente polo Consello de Goberno da UDC, o presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña, e seralle de aplicación aos órganos do DPAUC.